

1.—Gozarán dunha bonificación do 5% da cota por primeira e única vez durante os dous primeiros anos os suxeitos pasivos que domicilien as súas cotas nos dez primeiros días do periodo voluntario por domiciliación bancaria nas entidades Financieiras con sucursal neste municipio. As devolucións bancarias das cotas domiciliadas, poranse ao cobro na recadación municipal pola cota íntegra, sen aplicación da bonificación por domiciliacións”.

Modificación dos artigos 5 e 6 da Ordenanza reguladora da taxa por asistencia e estancia en fogares e residencia de anciáns, garderías infantís, albergues e outros establecementos de natureza análoga, cuio literal se transcribe a continuación:

“Modifícase o Artigo 5º (Cota tributaria) engadíndoselle o apartado 1 e 2 e polo tanto queda redactado da seguinte maneira:

1.—A falta de pagamento de dúas mensuralidades consecutivas ou tres alternas orixinarán a baixa automática no centro, previo informe da traballadora social que indique que non é por motivos económicos.

2.—No caso de que existan cotas pendentes de pagamento algunha débeda, ésta poderase esixir pola vía de prema a través dos servizos de recadación da Deputación (ORAL).

Modifícase o artigo 6º (Beneficios Fiscais) engadíndoselle o apartado 1, e polo tanto queda redactado da seguinte maneira:

1.—Gozarán dunha bonificación do 5% da cota por primeira e única vez durante os dous primeiros anos os suxeitos pasivos que domicilien as súas cotas nos dez primeiros días do periodo voluntario por domiciliación bancaria nas entidades Financieiras con sucursal neste municipio. As devolucións bancarias das cotas domiciliadas, poranse ao cobro na recadación municipal pola cota íntegra, sen aplicación da bonificación por domiciliacións”.

RECURSOS.—Contra os anteriores expedientes os interesados poderán interpor recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ponteareas, 31 de xaneiro de 2008.—O Alcalde,
Salvador González Solla. **2008001528**

A N U N C I O

De conformidade cos artigos 17.3 e 17. do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícase o texto íntegro da ordenanza reguladora do estacionamento con horario limitado gratuito Zona Azul-Gratuita aprobada definitivamente en seesión plenaria de 26 de decembro de 2007:

ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO CON HORARIO LIMITADO-GRATUÍTO

ZONA AZUL-GRATUÍTA

Artigo 1.

De conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/85, reguladora de bases do réxime local, e das disposicións contidas no R.D. Lexislativo 339/90, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, así como o R.D. 1.398/93, do 4 de agosto que aproba o Regulamento do procedemento do exercicio da potestade sancionadora, díctase a presente Ordenanza reguladora do estacionamento con horario limitado-gratuíto.

Artigo 2. Obxecto.

Considerando que a ocupación da vía pública co estacionamento de vehículos, supón o uso dun ben escaso, que debe ser repartido, en virtude das facultades que lle recoñecen ao Concello no art. 25 da Lei de bases de réxime local, de 2 de abril (BOE do tres de abril de 1985), e no art. 7 do texto articulado da Lei sobre tráfico e circulación e seguridade viaria, do 2 de maio de 1990 (R.D. Lexislativo núm. 339), créase o “Servizo de zona azul - gratuíta”, que pretende acadar o acceso igualitario ao estacionamento nas zonas onde este é especialmente escaso, limitando o aparcamento de vehículos a un período de tempo máximo dunha hora e trinta minutos.

Artigo 3. Funcionamento da zona azul.

Os estacionamentos regulados, e con horario limitado, que existirán naquelas rúas e zonas habilitadas e sinalizadas para tal fin, determinaranse por medio dun Bando da Alcaldía (Anexo 1). En todo caso deberán de coexistir cos de libre utilización e someterase ás seguintes determinacións:

- O estacionamento efectuarase mediante ticket comprobante do horario.
- O condutor do vehículo está obrigado a colocar o ticket no lugar da parte interna do parabrisas dianteiro do vehículo, de tal xeito que permita totalmente a súa visibilidade desde o exterior.
- O período máximo de permanencia dun vehículo en zona azul será dunha hora e trinta minutos.
- Os vehículos poderán aparcar e desaparcar as veces que estime oportuno, sen rebasar durante a xornada a hora e trinta minutos de que dispón.
- Quedan excluídos desta limitación os vehículos da policía, protección civil, bombeiros, ambulancias e persoal sanitario en servizo de urxencia.

- f. Unha vez concluído o tempo máximo de utilización, o vehículo deberá abandonar o estacionamento e non poderá volver estacionar durante o horario establecido para limitación de estacionamento durante esa xornada.
- g. O horario de limitación comprenderá dende as 9:00 horas ata as 14:00 horas. Agás os domingos, e festivos non laborables, que non haberá limitación.

Artigo 4. Expedición de tickets.

Para a adquisición de tickets de estacionamento en espazos de uso xeral, deberá terse en conta:

- a. Os tickets obteranse por medio de máquinas expendedoras instaladas na vía pública convenientemente sinaladas.
- b. A avaría ou funcionamento deficiente dunha máquina non eximirá da obriga de adquirir o ticket correspondente. O usuario deberá acudir a outra máquina expendedora que estea funcionando.
- c. Para obter o ticket será necesario a inserción dos datos da matrícula do vehículo estacionado, procedendo de xeito automático a máquina expendedora á inserción dos datos correspondentes, a hora de inicio, día, mes e ano do estacionamento, así como a hora que deberá rematar o estacionamento.
- d. A introducción dos datos na máquina expendedora é responsabilidade do condutor do vehículo estacionado.

Artigo 5. Estacionamentos non permitidos en Zona Azul.

Non poderán estacionar na zona azul:

- a. Os vehículos de PMA superiores a 3.500 Kg., salvo autorización expresa.
- b. Os ciclos, ciclomotores ou motocicletas. Os devanditos vehículos estacionaranse en zonas habilitadas de xeito específico para eles.
- c. Os vehículos incurso en calquera das causas de inmovilización recollidas na Ordenanza de circulación, procedendo o seu traslado ó depósito Municipal.
- d. Os vehículos que realicen operacións de carga e descarga, salvo que non tivesen lugar habilitado para este fin a menos de 50 metros.

Artigo 6.

Constituirán infraccións específicas desta modalidade de estacionamento:

- a. Estacionar en espazo de zona azul sen título habilitante específico que o autorice, ou colocándoo de xeito que non permita a comprobación do seu contido.
- b. Estacionar en zona azul calquera dos vehículos que o teñen expresamente prohibido.

- c. Sobrepasar o límite horario indicado no título habilitante.
- d. Estacionar fóra do perímetro marcado no pavimento.
- e. Estacionar de novo durante a mesma xornada o vehículo, unha vez superado o período de estacionamento limitado.
- f. Sen prexuízo da responsabilidade penal en que puidesen incurrir, tamén se consideran infraccións a manipulación, falsificación ou calquera outro uso fraudulento dos distintivos de estacionamento concedidos pola autoridade competente ou expedidos mecanicamente.

As infraccións a esta ordenanza terán a consideración de leves, conforme ó establecido na Ordenanza de circulación, sen prexuízo de que concurran con calquera outra recollida na lexislación vixente.

Artigo 7. Medidas cautelares.

1. Cando un vehículo estea estacionado en zona de estacionamento regulado, e con horario limitado, sen título habilitante ou o dobre do tempo autorizado, poderá ser inmovilizado, ó obxecto de identificarlo seu conductor e notificarla denuncia pertinente; se fora reincidente, poderá ser retirado e trasladado ó Depósito Municipal, procedéndose de xeito regulamentario contra a persoa que pida a devolución do vehículo que haberá de facer efectivo os gastos que supoñan a inmovilización, ou traslado o depósito, segundo proceda.

Artigo 8. Procedemento sancionador.

O procedemento sancionador aplicable a esta ordenanza, así como as sancións correspondentes, serán as mesmas que as da Ordenanza de circulación, quedando recollidas no cadro adxunto os feitos non recollidos na devandita Ordenanza.

CADRO DE DENUNCIAS.

Art.	Apart.	Opc.	Inf.	FEITO DENUNCIADO	€
5	a	1	L	Estacionar un vehículo de PMA superior a 3.500 kg.	45
5	b	1	L	Estacionar un ciclo dentro da zona delimitada	20
5	b	2	L	Estacionar un ciclomotor dentro da zona delimitada	20
5	b	3	L	Estacionar una motocicleta dentro da zona delimitada	30
5	d	1	L	Realizar operacións de carga e descarga dentro da zona delimitada	45
6	a	1	L	Estacionar na Zona Azul colocando o ticket de xeito que non permita a súa comprobación	30
6	b	1	L	Estacionar en Zona Azul calquera vehículo que o teña expresamente prohibido	45
6	c	1	L	Estaciona-lo vehículo superando o tempo limite establecido	30
6	d	1	L	Estacionar o vehículo fora do perímetro marcado	40
6	f	1	L	Manipular o ticket de estacionamento.	45
6	f	2	L	Falsificalo ticket de estacionamento	45

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza, que consta de 8 artigos e unha disposición final, entrará en vigor unha vez que sexa aprobada definitivamente polo Concello e publicado o seu texto completo e transcorra o prazo de quince días hábiles ao que se refire os artigos 65. 2 e 70.2 da Lei 7/ 1985, reguladora das bases de réxime local.

ANEXO NÚM. 1**BANDO**

Salvador González Solla, Alcalde-Presidente do Ilmo. Concello de Pontearreas.

Fago saber: Que dende o Concello de Pontearreas estamos baballando con intensidade para acadar unha regularización do tráfico no noso municipio que redunde nunha maior seguridade viaria e na mellora da calidade de vida para todos os veciños e visitantes.

Xa que logo, ao amparo das competencias municipais recoñecidas no artigo 25 de Lei de bases de réxime local, do 20 de abril de 1985 (BOE do 3 de abril de 1985), e o artigo 7 do texto articulado da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, do 2 de marzo de 1990 (Real Decreto Legislativo núm. 339) e as posteriores modificacións legislativas establecidas, dende o día ... créase o estacionamento denominado "Servizo de zona azul" que pretende facilitar o acceso igualitario ao aparcamento nas zonas onde este é máis escaso, limitando o tempo máximo de estacionamento a unha hora e media.

Esta limitación abrangue todos os días, das 9 ás 14 horas, agás os domingos e festivos non laborables. Esta "zona azul" abarca as rúas A Estrada; Morales Hidalgo; República Arxentina e Doutor Fernández de la Vega.

Dende o Concello solicitamos a colaboración de todos os cidadáns, especialmente os residentes na zona, para conseguir unha circulación máis fluída e facilitar o acceso á Praza de Abastos e ao comercio local.

Pontearreas, a 20 de maio de 2006.

ANEXO NÚM. 2**PERÍMETRO DA ZONA AZUL**

As vías afectadas polo estacionamento con horario limitado-gratuíto son as seguintes:

Na súa totalidade as rúas: Morales Hidalgo, Estrada e rúa República Arxentina.

Comprende tamén o tramo da rúa Doutor Fernández de la Vega, dende a Praza de Abastos ata a baixada da fonte do baratillo.

Facúltase ao Sr. Alcalde para que a través dun Bando aplique a mesma noutras zonas e horarios.

ANEXO NÚM. 3**SINALIZACIÓN VERTICAL E HORIZONTAL EN ZONAS AZUIS**

1. Sinalización vertical.
 - a) Todas as zonas afectadas polo estacionamento limitado-gratuíto estarán indicadas pola sinalización R-309, de estacionamento limitado.
 - b) O sinal R-309 levará un panel complementario onde se indicará o tempo máximo de estacionamento permitido e mais o horario durante o cal rexen as medidas de limitación para os aparcamentos.
2. Sinalización horizontal.
 - a) En canto á sinalización horizontal, os espazos destinados ao uso xeral de estacionamentos limitados-gratuítos estarán delimitados mediante liñas descontinuas de cor azul.

RECURSOS.—Contra o anterior expediente os interesados poderán interpor recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Pontearreas, 27 de decembro de 2007.—O Alcalde, Salvador González Solla. **2008000215**

* * *

VILAGARCÍA DE AROUSA**A N U N C I O***Concurso aberto urxente*

1.—ENTIDADE ADXUDICATARIA.—Concello de Vilagarcía de Arousa.

2.—OBJECTO DO CONTRATO.—Descrición: Reparacións en Parque da Coca.

3.—TRAMITACIÓN: Urxente. PROCEDIMIENTO: Aberto. FORMA DE ADXUDICACIÓN: Concurso

4.—TIPO DE LICITACIÓN.—330.000,00 € (IVE engadido)

5.—GARANTÍA PROVISIONAL.—6.600,00 €.

6.—GARANTÍA DEFINITIVA.—4% do orzamento de adxudicación

7.—OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN: Concello de Vilagarcía de Arousa, Praza Ravella, 1. 36600 Vilagarcía de Arousa. Teléfono: 986.099.200. Fax.: 986.501.109. Páxina web: <http://www.vilagarcia.es>. Poderán obter documen-